

***Edicto relativo á aprobación definitiva da Ordenanza fiscal reguladora da taxa por ocupación do dominio público con postos e casetas para venda ambulante no Concello de Teo, así como o texto íntegro desta.***

O Pleno do Concello de Teo, en sesión celebrada o día 30 de outubro de 2007, aprobou inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da taxa por ocupación do dominio público con postos e casetas para venda ambulante no Concello de Teo.

O expediente e a Ordenanza estiveron expostos ó público mediante anuncios inseridos no taboleiro de anuncios do Concello e no Boletín Oficial da Provincia nº 265 do 16 de novembro do 2007, polo prazo de trinta días.

Rematado o prazo de información pública, sen que se producira ningunha reclamación, faise pública a automática aprobación definitiva da devandita ordenanza fiscal, así como o texto íntegro da mesma, en cumprimento do disposto no artigo 17.2 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais.

A súa publicación definitiva realizouse no **BOP Nº 23 o luns 28 de xaneiro de 2008.**

**ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POR OCUPACIÓN DO DOMINIO PÚBLICO CON POSTOS E CASETAS PARA VENDA AMBULANTE**

En uso das facultades outorgadas polos artigos 133.2 e 142 da Constitución e polo artigo 106 da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, e de conformidade có disposto nos artigos 15 a 19 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, que aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais este Concello establece a *Taxa por ocupación do dominio con postos e casetas para venda ambulante*, que se rexirá pola presente Ordenanza Fiscal e polos artigos 20 a 27 do TRLRFL.

**Artigo 2.-Feito imponible**

Constitúen o feito imponible desta taxa, a ocupación do dominio público con casetas e postos para a venda ambulante nas seguintes modalidades:

- Venda ambulante en mercados periódicos.
- Venda ambulante en enclaves illados da vía pública, en postos de carácter ocasional autorizados unicamente durante a tempada propia do produto comercializado.
- Venda ambulante en mercados ocasionais. Aqueles que se celebran de maneira non periódica en razón ás festas ou acontecementos populares.

-Venda ambulante en camiões-tenda, con carácter itinerante nos lugares e cós itinerarios que se autoricen polo Concello.

### **Artigo 3.-Suxeito Pasivo**

Son suxeitos pasivos desta taxa as persoas físicas, xurídicas e entidades do artigo 35.4 da Lei Xeral Tributaria que realicen as actividades que dan lugar á realización do feito imponible definido no artigo anterior.

### **Artigo 4.-Responsables**

1.-Responderán solidariamente das obrigas tributarias do suxeito pasivo, as persoas físicas e xurídicas a que se refire o artigo 42 da Lei 58/2003, Xeral Tributaria.

2.-Serán responsables subsidiarios os administradores das sociedades e os síndicos, interventores ou liquidadores de quebras, concursos, sociedades e entidades en xeral.

### **Artigo 5.-Base imponible**

O parámetros que definen a Base Imponible: os ingresos brutos anuais, a superficie ocupada e a periodicidade na ocupación.

### **Artigo 6.-Cota tributaria**

As cotas tributarias veñen dadas polo seguinte cadro de tarifas:

#### **Tarifa 1.-Venda ambulante en mercados periódicos.**

-Categoría 1ª.-Ingresos brutos superiores a 12.000 anuais  
Por metro lineal completo.....30€

-Categoría 2ª.-Ingresos brutos entre 6.001 e 11.999€ anuais  
- Por metro lineal completo .....20€

-Categoría 3ª.- Ingresos brutos inferiores a 6.000€ anuais  
-Por metro lineal completo.....15€

#### **Tarifa 2-Venda ambulante en enclaves illados da vía pública.**

-  
-Categoría 1ª.-Ingresos brutos superiores a 12.000€ anuais  
-Superficie ocupada, por metro cadrado ou fracción e día.....12€

-Categoría 2ª.-Ingresos brutos entre 6.001e 11.999€ anuais  
- Superficie ocupada, por metro cadrado ou fracción e día.....6€

-Categoría 3ª.- Ingresos brutos inferiores a 6.000€ anuais  
-Superficie ocupada, por metro cadrado ou fracción e día.....3€

#### **Tarifa 3.-Venda ambulante en mercados ocasionais.**

-por metro lineal e día.....20€

#### **Tarifa 4.-Venta ambulante en cami3ns-tenda**

- Categoría 1ª.-Ingresos brutos superiores a 12.000€ anuais
  - Superficie ocupada, por metro cadrado ou fracción e semestre .....30€
- Categoría 2ª.-Ingresos brutos entre 6.001e 11.999€ anuais
  - Superficie ocupada, por metro cadrado ou fracción e semestre.....20€
- Categoría 3ª.- Ingresos brutos inferiores a 6.000€ anuais
  - Superficie ocupada, por metro cadrado ou fracción e semestre.....10€

#### **Tarifa 5.-Venta ambulante en cami3ns tenda de características especiais(cami3ns frigoríficos de venda de carnes, verduras e productos hortofrutícolas)**

- Categoría 1ª.-Ingresos brutos superiores a 18.000€ anuais
  - a) con domicilio fiscal no concello de Teo, por metro cadrado ou fracción e semestre.....40€
  - b) con domicilio fiscal fora do concello de Teo, por metro cadrado ou fracción e semestre.....50€
- Categoría 2ª.-Ingresos brutos entre 10.001€ e 17.999€
  - a)con domicilio fiscal no concello de Teo, por metro cadrado ou fracción e semestre.....35€
  - b) con domicilio fiscal fora do concello de Teo, por metro cadrado ou fracción e semestre.....45€
- Categoría 3ª.-Ingresos brutos inferiores a 10.000€
  - a) con domicilio fiscal no concello de Teo, por metro cadrado ou fracción e semestre.....30€
  - b) con domicilio fiscal fora do concello de Teo, por metro cadrado ou fracción e semestre, .....40€

#### **Artigo 7.-Exencións e bonificacións**

Non se concederá exención nin bonificación algunha na exacción da taxa que non esté prevista na lei ou nos tratados internacionais.

#### **Artigo 8.-Devengo**

A taxa devengarase cando se solicite autorizaci3n para a ocupaci3n do dominio público. Cando non exista solicitude, cando se inicie o uso privativo ou aproveitamento

#### **Artigo 9.-Normas de xesti3n**

Xunto coa solicitude de autorizaci3n practicarase unha autoliquidaci3n e se efectuará o depósito previo da taxa, que deberá ingresarse na conta aberta a nome do concello nunha entidade financeira.

Na solicitude deberá indicarse o tipo de ocupación, a superficie ou espazo a ocupar e a periodicidade ou duración prevista.

Unha vez se conceda a autorización para ocupar o dominio público para a venda ambulante, se procederá a practicar a liquidación definitiva, que se compensará, se procede, có depósito previo, aboando ou esixindo a diferenza.

#### **Artigo 10.- Infraccións e sancións**

Estarase ó disposto nos artigos 178 e ss da Lei 58/2003, de 17 de decembro, Xeral Tributaria.

#### **Disposición derradeira**

A presente Ordenanza Fiscal, da cal a redacción definitiva foi aprobada polo Pleno da Corporación en sesión de data 30/10/2007, entrará en vigor unha vez publicada no BOP, e permanecerá vixente ata a súa modificación ou derogación expresa.